

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Subvencións e axudas

*BASES REGULADORAS DAS AXUDAS A CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO
DA MOCIDADE VIGUESA 2018*

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2018

INDICE

BASE 1ª. OBXECTO

BASE 2ª. PROGRAMAS DE AXUDAS

A. PROGRAMA DE INCENTIVOS PARA A TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS (PROGRAMA INDEFINIDOS)

a.1. Beneficiarios

a.2. Requisitos

a.3. Tipos e contías da axuda

a.4. Obrigas

a.5. Solicitude, documentación e prazo de presentación

a.6. Concesión das axudas e tramitación do pagamento

a.7. Alteración das condicións de concesión

B. PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN (PROGRAMA CONTRATACIÓNS)

b.1. Beneficiarios

b.2. Requisitos

b.3. Tipos e contías da axuda

b.4. Obrigas

b.5. Solicitude, documentación e prazo de presentación

b.6. Concesión das axudas e tramitación do pagamento

b.7. Alteración das condicións de concesión

BASE 3ª. EXCLUSIÓN E INCOMPATIBILIDADES



Venres, 4 de maio de 2018

Núm. 86

BASE 4ª. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN

BASE 5ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO. RENUNCIA. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

BASE 6ª. PUBLICIDADE

BASE 7ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

BASE 8ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

BASE 9ª. DISPOSICIÓN ADICIONAL

BASE 10ª. DISPOSICIÓN FINAL

ANEXOS

ANEXO I. SOLICITUDE

ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON TER SOLICITADO NIN PERCIBIDO OUTRAS AXUDAS

ANEXO III. AUTORIZACIÓN PARA SOLICITAR INFORMACIÓN DO PADRÓN DA/S PERSOA/S POLA/S QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

ANEXO IV. OFERTA DE EMPREGO

ANEXO V. RELACIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS POLAS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

ANEXO VI. AUTORIZACIÓN PARA CONSULTA E VERIFICACIÓN DE DATOS

ANEXO VII. INFORMACIÓN Á PERSOA TRABALLADORA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA POLO CONCELLO DE VIGO

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2018

BASE 1ª. OBXECTO

As presentes bases reguladoras e a convocatoria do programa de "AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA" no marco da actuación municipal para o ano 2018, ten por obxecto servir de estímulo ao empresariado para a contratación dos mozos e mozas do municipio de Vigo, favorecer o emprego estable e facilitar ás persoas novas a súa primeira experiencia laboral que permita mellorar o seu grao de empregabilidade e aprendizaxe na contorna da empresa, a través dos seguintes programas de axudas:

A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos)



B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións)

*BASE 2ª. PROGRAMAS DE AXUDAS**A) PROGRAMA DE INCENTIVOS PARA A TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS (PROGRAMA INDEFINIDOS)**a.1. Beneficiarios*

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

Comprenderá a transformación en indefinidos dos contratos xa formalizados xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes no período comprendido desde o 1 de xaneiro ata o 15 de xullo de 2018 realizados a persoas traballadoras menores de 30 anos, empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda terá formalizado un contrato previo non inferior a 3 meses de duración e cunha xornada laboral superior ou igual a 20 horas semanais ou ao 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación. A condición de menor de 30 anos se cumprirá na data da transformación da modalidade de contrato e acreditará o seu empadramento no municipio de Vigo, cando menos, desde o 1 de outubro de 2017. A xornada laboral do contrato indefinido que se subscriba terá unha duración igual ou superior a 20 horas semanais.

As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo, tal e como se especifica no punto a.3.

a.2. Requisitos

a.2.1. Non poderán obter a condición de beneficiario/a as empresas, independentemente da súa forma xurídica, nas que concorran algunha das circunstancias previstas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 10, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).



Venres, 4 de maio de 2018

Núm. 86

a.2.2. O/A beneficiario/a non poderá recibir ningunha outra axuda ou subvención pola mesma contratación, de calquera outra entidade pública ou privada, estatal ou internacional (agás os incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social).

a.2.3. Acreditar no momento da solicitude a transformación da contratación temporal en indefinida de persoas mozas traballadoras empadroadas no municipio de Vigo, cando menos desde o 1 de outubro de 2017.

a.2.4. A condición de idade menor de 30 anos deberá concorrer no momento da transformación do contrato temporal en indefinido.

a.2.5. Non se incentivará a transformación dos contratos temporais en indefinidos cando tivese transcorrido máis de 24 meses dende a súa celebración inicial, agás aquelas modalidades temporais nas que a súa normativa permita unha duración superior a este prazo, computándose todas as modalidades contractuais celebradas sen ruptura de continuidade.

a.2.6. No caso de transformacións de contratos temporais a tempo completo, a xornada do novo contrato indefinido será a tempo completo (excepto as transformacións de contratos temporais en indefinidos na súa modalidade de fixo-descontinuo, que poderá ter unha duración inferior á xornada a tempo completo en cómputo anual).

a.2.7. Nos supostos de contratos temporais a tempo parcial, a xornada do novo contrato indefinido deberá ser, como mínimo, igual ao do contrato que se transforma.

a.2.8. Non ter débedas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS), coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e co Concello de Vigo, o que se acreditará mediante a presentación das correspondentes certificacións nos termos do artigo 22 do RD 887/2003, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo. O/A interesado/a poderá autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo para consultar os seus datos ante a Axencia Tributaria de Galicia, a Axencia Estatal Tributaria e ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social.

O solicitante será quen de coñecer e, de ser necesario, regularizar a súa situación para o seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social e poder optar a esta axuda.

En calquera caso, o/a solicitante desta axuda autoriza ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local para a consulta e comprobación dos datos e certificados acreditativos necesarios nos departamentos administrativos responsables.



Venres, 4 de maio de 2018

Núm. 86

a.3. Tipos e contías da axuda

TRANSFORMACIÓN DE CONTRATO TEMPORAL EN INDEFINIDO	CONTÍA⁴
Persoa traballadora, menor de 30 anos e empadroada en Vigo ¹	2.000,00 €
INCREMENTO POR COLECTIVO²	
• Muller	500,00 €
• Vítima de violencia de xénero ³	500,00 €
Importe Máximo Total	3.000,00 €

- (1) Persoas empadroadas no municipio de Vigo, cando menos desde o 01/10/2017. A idade menor de 30 anos deberá concorrer no momento da transformación do contrato temporal en indefinido.
- (2) O incremento da axuda por colectivo será acumulativo.
- (3) Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, nos termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.
- (4) No caso de contratos a tempo parcial practicarase unha redución proporcional, respecto á xornada laboral habitual da actividade de que se trate, do total da contía da axuda e terán unha duración igual ou superior a 20 horas semanais ou ao 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación.

a.4. Obrigas

Serán obrigas das persoas e/ou empresas beneficiarias da subvención, ademais das previstas nestas bases reguladoras e das sinaladas nos artigos 14 LXS e 11 LSG, as que seguen:

a.4.1. De ser o caso, acreditar a pertenza da persoa a contratar a algún dos colectivos especificados no apartado a.3 para o incremento da axuda.

a.4.2. Comunicar ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.

a.4.3. Manter a xornada de traballo da persoa empregada pola que se lle concedeu a subvención. No caso de incremento da devandita xornada, ao abeiro do establecido na lexislación laboral e de acordo cos límites establecidos na base 2^a, apartado a.7 destas Bases reguladoras e convocatoria, deberá comunicarse a nova xornada nun prazo de 15 días. Igualmente, no caso de producirse a substitución de traballadores se deberá manter, polo menos, a xornada inicialmente pactada para a persoa traballadora substituta.

a.4.4. Formalizar o contrato de traballo por escrito.

a.4.5. Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante un período mínimo dun ano desde a transformación da modalidade do contrato ou, de ser ao contrario, ter cumprido ás condicións da base 2^a, apartado a.7.

a.4.6. Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.



Venres, 4 de maio de 2018

Núm. 86

a.4.7. O cómputo global do cadro de persoal do empresario beneficiario deberá ter estabilidade ou tendencia crecente, salvo causa xustificada, polo menos ao longo do período que dure o contrato obxecto de subvención.

a.4.8. Para os efectos de difusión pública deberá figurar de forma visible, cartel informativo no que constará o financiamento do Concello de Vigo, segundo o modelo normalizado subministrado polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e deberá manterse exposto ata o 31 de marzo de 2019.

a.4.8. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.

a.4.9. Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a esta e a Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

a.5. Solicitude, documentación e prazo de presentación

a.5.1. Solicitude

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>,

No caso de que se achegue a solicitude e/ou a documentación complementaria presencialmente por parte dos obrigados polo art. 14.2 LPAC, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación.

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación admitidos.



Venres, 4 de maio de 2018

Núm. 86

a.5.2. Documentación

Os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica, achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes anexarán á solicitud a documentación que se indica a continuación:

Documentación relativa á empresa:

a) Anexo I. Solicitud: solicitud con identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e/ou unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dun aviso da posta á disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

b) No caso de persoas xurídicas achegarán poder suficiente ou documento acreditativo para actuar en nome da sociedade de quen asina a solicitud.

c) Anexo II. Declaración responsable de non ter solicitado nin percibido outras axudas polo mesmo concepto de calquera outra administración ou entidade pública ou privada.

d) Informe de vida laboral do código de conta de cotización relativo á empresa solicitante onde conste a relación nominal de todos e todas os/as traballadores/as que estean no cadro de persoal da empresa expedido pola TXSS, con data posterior á transformación do contrato temporal a indefinido para o que se solicita a subvención.

e) Anexo VI. Autorización para a consulta e verificación de datos ou, no seu defecto, acreditar mediante a presentación das correspondentes certificacións nos termos do artigo 22 do RD 887/2003, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións(RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.

Documentación relativa a cada persoa traballadora pola que se solicita a axuda:

f) Copia do contrato de traballo (inicial, prórrogas e de transformación da modalidade de contrato a indefinido) no modelo que se estableza e rexistrado nunha Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego ao abeiro do Real Decreto 1424/2002, do 27 de decembro, a Orden TAS/770/2003, do 14 de marzo e o Real Decreto 1715/2004, do 23 de xullo.

g) Certificado e/ou documento acreditativo da pertenza da persoa traballadora a algún dos colectivos especificados na base 2ª, apartado a.3. destas bases e convocatoria.

h) Anexo III cos datos necesarios para a súa obtención ou, no seu defecto, volante de empadramento da persoa traballadora.



Venres, 4 de maio de 2018

Núm. 86

Porén, o solicitante poderase acoller ao establecido no art. 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (PAC), no relativo ao dereito a non presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder das administracións, sempre que o interesado exprese o seu consentimento a que sexan consultados ou solicitados, facendo constar a data e o órgano ou dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer e cando non transcorreran máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderalle requirir ao solicitante ou representante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta e/ou non inclúe algunha documentación esixida nesta base a.5, seralle requirida á/ao solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, en caso de non facelo, terase por desistido, arquivándose previa resolución segundo o establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.

a.5.3. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente iniciarase a partir do día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, e ata o 20 de xullo de 2018.

a.6. Concesión das axudas e tramitación do pagamento

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración e Seguimento.

O prazo para resolver será, como máximo, de cinco meses dende a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo de cinco meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Contra a desestimación expresa do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.



Venres, 4 de maio de 2018

Núm. 86

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, o/a interesado/a poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

A resolución do procedemento publicarase no Taboleiro de Editos, no portal de transparencia do Concello de Vigo e na súa páxina web www.vigo.org e poderase notificar de xeito individual polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o/a interesado/a resulte obrigado a recibilas por esta vía, no prazo de dez días dende a resolución de concesión ou denegación, segundo o artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

Os/as adxudicatarios/as das axudas están obrigados no prazo de dez días a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, a comunicar ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tácitamente aceptada. Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación, da seguinte documentación para a xustificación da subvención, no prazo sinalado:

1. Informe de vida laboral do código de conta de cotización relativo á empresa solicitante onde conste a relación nominal de todos e todas os/as traballadores/as que estean no cadro de persoal da empresa expedido pola TXSS, con data posterior á concesión da axuda.
2. Anexo VII. Comunicación individualizada a cada traballador/a obxecto da subvención na que constará a colaboración do Concello de Vigo nos custos derivados da súa contratación.
3. Fotografía do cartel informativo da subvención colocado nun lugar visible do seu local. O cartel informativo será subministrado polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e deberase manter exposto cando menos ata o 31 de marzo de 2019.

O persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local será o encargado do seguimento da execución da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, que poña de manifesto a realización da actividade e o cumprimento



Venres, 4 de maio de 2018

Núm. 86

da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa adecuada xustificación ou aquelas circunstancias que imposibililiten a aprobación da xustificación, a desestimación ou desestamento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

a.7. Alteración das condicións de concesión

De ser o caso, deberá comunicarse o cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención e, salvo causa xustificada, dará lugar ao reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato ao abeiro do disposto no punto a.4.5.

No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se lle concedeu a subvención, con independencia da causa, procederase á cobertura do seu posto por unha nova persoa traballadora por medio da transformación dun contrato temporal que estivese vixente na data de baixa da persoa traballadora substituída. De non ser isto posible, cunha nova contratación indefinida inicial realizada cunha persoa desempregada, dentro dos dez días seguintes ao cese, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo aos que se solicitarán previamente.

No caso de que nin desde o servizo Público de Emprego de Galicia nin desde o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, se subministrase persoa ningunha co perfil requirido como candidata para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a incorporación dunha nova persoa traballadora co mesmo perfil e características da persoa substituída pola que se lle tería concedido a axuda, ou ben reintegrarase o importe da subvención proporcional ao tempo no que a contratación deixa de ser efectiva segundo o disposto no punto a.4.5 e a LXS.

A nova contratación deberá ser comunicada ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.

De ser o caso, a empresa ou entidade beneficiaria dispón dun prazo de dez días, que se contará desde a finalización do prazo que ten para a nova contratación, para comunicarlle ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local a extinción do contrato e a nova contratación, e deberá acreditar:

Declaración responsable da causa da extinción contractual da persoa traballadora contratada inicialmente ou baixa da persoa contratada inicialmente.

Informe da vida laboral completa da nova persoa traballadora expedido pola TXSS con data posterior ao inicio do período de contratación.

Contrato de traballo da nova persoa traballadora comunicado na correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego.



B) PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN (PROGRAMA CONTRATACIÓNS)**b.1. Beneficiarios**

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

Comprenderá a contratación por conta allea, de persoas traballadoras menores de 30 anos desempregadas inscritas como demandantes de emprego na correspondente oficina do Servizo Público de Emprego, empadroadas no municipio de Vigo, para prestar servizos no mesmo, e que accedan ao seu primeiro emprego ou a súa experiencia laboral sexa inferior a 365 días (segundo a súa Vida Laboral).

Esta modalidade comprenderá a contratación de persoas desempregadas inscritas no servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) no período comprendido dende o 1 de xaneiro ata o 15 de xullo de 2018 que resulten seleccionadas entre as candidaturas remitidas desde o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo e desde o servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) aos que, previamente, se lles remitirá a correspondente oferta de emprego. No caso de inexistencia de candidaturas co perfil requirido admitirase á empresa solicitante a contratación dunha persoa traballadora que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá a condición de menor de 30 anos na data do inicio do contrato polo que se solicita a axuda, estar desempregados e inscritos no servizo Público de Emprego e, ademais, estar empadroados no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de outubro de 2017.

Os/As beneficiarios/as verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo a duración do contrato, as características da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo que non será inferior a 20 horas semanais ou ao 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación, tal e como se especifica no punto b.3.

b.2. Requisitos

b.2.1. Non poderán obter a condición de beneficiario/a as empresas, independentemente da súa forma xurídica, nas que concorran algunha das circunstancias previstas nos artigos 13 LXS e 10 LSG.



Venres, 4 de maio de 2018

Núm. 86

b.2.2. O/A beneficiario/a non poderá recibir ningunha outra axuda ou subvención pola mesma contratación, de calquera outra entidade pública ou privada, estatal ou internacional (agás os incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social).

b.2.3. As persoas a contratar polo beneficiario deberán ser menores de 30 anos, desempregadas inscritas no servizo Público de Emprego e, ademais, estar empadroadas no municipio de Vigo, cando menos desde o 1 de outubro de 2017, e que accedan ao seu primeiro emprego ou que a súa experiencia laboral previa á contratación sexa inferior a 365 días segundo a súa Vida Laboral.

b.2.4. Con carácter previo á contratación, solicitarán as candidaturas para a selección da/s persoa/s traballadora/s desempregada/s a contratar ante o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo e ante a oficina do servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) mediante a presentación, da correspondente oferta de emprego.

b.2.5. A condición de idade menor de 30 anos da persoa traballadora pola que se solicita esta axuda deberá concorrer na data de inicio da relación laboral obxecto da contratación.

b.2.6. As persoas traballadoras contratadas nas modalidades de prácticas ou para a formación e o aprendizaxe non poderán substituír a outras persoas traballadoras que estiveran contratadas nos tres meses anteriores na empresa baixo a mesma modalidade contractual para ocupar o mesmo posto de traballo, salvo que aquelas relacións laborais se extinguiran por acadar a duración máxima prevista na lexislación laboral de aplicación. A dita circunstancia farase constar mediante declaración responsable suscrita pola empresa solicitante.

b.2.7. Non ter débedas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS), coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e co Concello de Vigo, o que se acreditará mediante a presentación das correspondentes certificacións nos termos do artigo 22 do RD 887/2003, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións(RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo. O/A interesado/A poderá autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo para consultar os seus datos ante a Axencia Tributaria de Galicia, a Axencia Estatal Tributaria e ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social.

O solicitante será quen de coñecer e, de ser necesario, regularizar a súa situación para o seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social e poder optar a esta axuda.

En calquera caso, o/a solicitante desta axuda autoriza ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local para a consulta e comprobación dos datos e certificados acreditativos necesarios nos departamentos administrativos responsables.



Venres, 4 de maio de 2018

Núm. 86

b.3. Tipos e contías da axuda

CONTRATACIÓNS	CONTRATO 3 MESES	CONTRATO 6 MESES	CONTRATO IGUAL/ SUPERIOR A 9 MESES
Persoa desempregada, menor de 30 anos e empadroada en Vigo ¹	1.500,00 €	3.000,00 €	4.500,00 €
INCREMENTO POR COLECTIVO²			
<ul style="list-style-type: none"> • Primeiro empregado/a da empresa • Muller • Persoa con discapacidade³ • Persoa pertencente a colectivo en risco ou situación de exclusión social⁴ • Participante dalgún dos programas da concellería 	200,00 €	400,00 €	500,00 €
Vítima de violencia de xénero	200,00 €	400,00 €	500,00 €
Importe Máximo Total	1.900,00 €	3.800,00 €	5.500,00 €

- (1) Persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego e empadroadas no municipio de Vigo, cando menos, desde o 01/10/2017 e durante a vixencia do contrato obxecto da subvención e que accedan ao seu primeiro emprego ou a súa experiencia laboral previa á contratación sexa inferior a 365 días segundo a súa Vida Laboral. A idade menor de 30 anos deberá concorrer o día de inicio da relación laboral obxecto da contratación.
- (2) O incremento da axuda por colectivo non será acumulativo, agás o colectivo de VVD.
- (3) A acreditación do grao de discapacidade deberá presentarse de xeito documental.
- (4) Terán a consideración de persoas en situación ou risco de exclusión social as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da dita situación social, por concorrer algún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e deberá acreditarse de xeito documental.

Nos supostos de contratacións a tempo parcial serán subvencionables os contratos a xornada parcial que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais ou o 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación, con redución proporcional, respecto á xornada habitual da actividade de que se trate, do total da contía da axuda. Como caso excepcional e previa xustificación, que será avaliada pola Comisión de Valoración, poderase subvencionar contratacións cunha duración mínima inferior.

b.4. Obrigas

Serán obrigas das persoas e/ou empresas beneficiarias da subvención, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas nos artigos 14 LXS e 11 da LSG, as que seguen:

b.4.1. Se é o caso, acreditar a pertenza da persoa a contratar a algún dos colectivos xa especificados no apartado b.3 para o incremento da axuda.

b.4.2. Comunicar ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.

b.4.3. Manter a xornada de traballo da persoa empregada pola que se lle concedeu a subvención. No caso de incremento da devandita xornada, ao abeiro do establecido na lexislación laboral e de acordo cos límites establecidos no apartado b.7 destas Bases reguladoras e convocatoria,

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromsvform.xhtml>
 Código seguro de verificación:187E66EXTDD1GORG



Venres, 4 de maio de 2018

Núm. 86

deberá comunicarse a nova xornada nun prazo de 15 días. Igualmente, no caso de producirse a substitución de traballadores se deberá manter, polo menos, a xornada inicialmente pactada para a persoa traballadora substituta.

b.4.4. Formalizar o contrato de traballo por escrito.

b.4.5. Nos supostos de contratos en prácticas, presentarase a titulación da persoa traballadora en virtude da cal se realice o dito contrato ou, no seu defecto, certificado expedido polo centro educativo no que conste que se está en disposición de obter a dita titulación.

b.4.6. Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante o período fixado ou, de ser ao contrario, ter cumprido ás condicións do apartado b.5.

b.4.7. Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.

b.4.8. O cómputo global do cadro de persoal do empresario beneficiario deberá ter estabilidade ou tendencia crecente, salvo causa xustificada, polo menos ao longo do período que dure o contrato obxecto de subvención.

b.4.9. Para os efectos de difusión pública deberá figurar de forma visible, cartel informativo no que constará o financiamento do Concello de Vigo, segundo o modelo normalizado subministrado polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e deberá manterse exposto ata o 31 de marzo de 2019.

b.4.10.- Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegada.

b.4.11. Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a esta e a Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

b.5. Solicitud, documentación e prazo de presentación

b.5.1. Solicitud

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>,



No caso de que se achegue a solicitude e/ou a documentación complementaria presencialmente por parte dos obrigados polo art. 14.2 LPAC, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación.

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos.

b.5.2. Documentación

Os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica, achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes anexarán á solicitude a documentación seguinte:

a) Anexo I. Solicitude: solicitude de participación, con expresión, segundo proceda, da identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e/ou unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dun aviso de notificación da posta á disposición das notificacións. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

b) No caso de persoas xurídicas, achegar poder suficiente ou documento acreditativo para actuar en nome da sociedade de quen asina a solicitude.

c) Anexo II. Declaración responsable de non ter solicitado nin ter percibido, ningunha outra axuda polo mesmo concepto de calquera outra entidade pública ou privada.

d) Anexo III cos datos necesarios para a súa obtención ou, no seu defecto, volante de empadramento da persoa traballadora.

e) Anexo IV. Oferta de emprego para tramitar polo Concello de Vigo.

f) Ficha de oferta de emprego presentada ante o SPEG.

g) Anexo V. Relación de persoas traballadoras polas que se solicita subvención.

h) Anexo VI. Autorización para a consulta e verificación de datos ou, no seu defecto, acreditar mediante a presentación das correspondentes certificacións nos termos do artigo 22 do RD 887/2003, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.



Porén, o solicitante poderase acoller ao establecido no art. 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (PAC), no relativo ao dereito a non presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder das administracións, sempre que o interesado exprese o seu consentimento a que sexan consultados ou solicitados, facendo constar a data e o órgano ou dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer e cando non transcorreran máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle ao solicitante ou representante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Se a solicitude non estivera debidamente cuberta e/ou non inclúe algunha documentación esixida nesta base b.5, seralle requirida á persoa solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, en caso de non facelo, teráselle por desistido, arquivándose previa resolución segundo ao establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.

b.5.3 Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente iniciárase a partir do día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, e ata o 20 de xullo de 2018.

b.6. Concesión das axudas e tramitación do pagamento

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración e Seguimento.

O prazo para resolver será, como máximo, de cinco meses desde a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo de cinco meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Contra a desestimación expresa do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.



Venres, 4 de maio de 2018

Núm. 86

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, o/a interesado/a poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desestimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

A resolución do procedemento publicarase no Taboleiro de Edictos, no portal de transparencia do Concello de Vigo e na súa páxina web www.vigo.org poderase notificar de xeito individual polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o/a interesado/a resulte obrigado a recibilas por esta vía, no prazo de dez días dende a resolución de concesión ou denegación, segundo o no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

Os/as adxudicatarios/as das axudas están obrigados no prazo de dez días a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación a comunicar ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tácitamente aceptada. Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación, da seguinte documentación para a xustificación da subvención, no prazo sinalado:

a) Copia do contrato de traballo no modelo que se estableza e rexistrado nunha Oficina de Emprego do servizo Público de Emprego ao abeiro do Real Decreto 1424/2002, do 27 de decembro, a Orden TAS/770/2003, do 14 de marzo e o Real Decreto 1715/2004, do 23 de xullo.

b) Informe de vida laboral do código de conta de cotización relativo á empresa solicitante onde conste a relación nominal de todos e todas os/as traballadores/as que estean no cadro de persoal da empresa expedido pola TXSS, con data posterior á concesión da axuda.

c) Informe da vida laboral completa da persoa traballadora obxecto da subvención expedido pola TXSS con data posterior ao inicio do período de contratación. Será de aplicación o establecido na Orde do 3 de abril de 1995 (BOE núm. 83 do 07.04.1995).



Venres, 4 de maio de 2018

Núm. 86

d) Para os contratos en prácticas, titulación do traballador en virtude da cal se realice o dito contrato ou, no seu defecto, certificado expedido polo centro educativo que faga constar estar en disposición de obter a dita titulación.

e) Certificado e/ou documento acreditativo da pertenza da persoa traballadora a algún dos colectivos especificados no punto b.3. destas bases e convocatoria.

f) Anexo VII, Comunicación individualizada a cada traballador/a obxecto da subvención na que constará a colaboración do Concello de Vigo nos custos derivados da súa contratación.

g) Fotografía do cartel informativo da subvención colocado nun lugar visible do seu local. O cartel informativo será subministrado polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e deberase manter exposto cando menos ata o 31 de marzo de 2019.

O servizo xestor, Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos, que tramita a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, informando da súa adecuada xustificación, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

b.7. Alteración das condicións de concesión

De ser o caso, deberá comunicarse o cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención e, salvo causa xustificada, dará lugar ao reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato ao abeiro do disposto no punto b.4.6.

No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se lle concedeu a subvención, con independencia da causa, procederase á cobertura do seu posto por unha nova persoa traballadora.

A cobertura do posto vacante deberá producirse dentro dos dez días seguintes ao cese, e por un período de tempo equivalente ao que reste para a finalización do período estipulado inicialmente. No caso contrario, a empresa beneficiaria non poderá percibir a axuda ou procederá ao seu reintegro.

Para a selección da nova persoa a contratar poderá incorporar unha candidatura procedente do proceso de selección de persoal inicial ou deberá presentar a correspondente oferta de emprego ante o servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) e ante o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

No caso de que nin desde o servizo Público de Emprego de Galicia nin desde o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, se subministrase ningunha persoa co perfil requirido como candidata para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a incorporación dunha nova persoa traballadora co mesmo perfil e características da persoa substituída polo que se lle tería concedido a axuda, ou ben reintegrarase o importe da subvención proporcional ao tempo no que a contratación deixa de ser efectiva e pola que se lle concedera a axuda.



Se o traballador contratado causara baixa durante a tramitación da solicitude e con anterioridade á resolución de concesión, decaerá o dereito á solicitude presentada do solicitante da subvención e arquivarase a súa solicitude, sen prexuízo de que poda presentar unha nova solicitude pola contratación doutra persoa traballadora.

De ser o caso, a empresa ou entidade beneficiaria dispón dun prazo de dez días que se contará desde a finalización do prazo que ten para a nova contratación, para comunicarlle ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local a extinción do contrato e a nova contratación; e deberá acreditar:

Declaración responsable da causa da extinción contractual da persoa traballadora contratada inicialmente ou baixa da persoa traballadora contratada inicialmente.

Informe da vida laboral completa da nova persoa traballadora expedido pola TXSS con data posterior ao inicio do período de contratación.

Contrato de traballo da nova persoa traballadora comunicado na correspondente Oficina de Emprego do servizo Público de Emprego.

BASE 3ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Exclúense dos beneficios establecidos nestas bases as seguintes circunstancias:

- As relacións contractuais que se formalicen cos socios que posúan máis do 33% do capital social en empresas que revistan a forma xurídica de sociedade mercantil, así como as que se subscriban con algún dos membros da Comunidade de bens ou da sociedade civil solicitante.
- Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do/a empresario/a individual, e as súas análogas no caso de parellas de feito, ou dos/as que ocupen cargos de dirección ou sexan membros de órganos de administración das empresas que revistan forma xurídica de sociedade. Non será de aplicación esta exclusión cando o/a empregador/a sexa un traballador/a autónomo/a sen asalariados e contrate un só familiar menor de 30 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.
- Contratacións realizadas por empresas de traballo temporal para a posta a disposición da persoa contratada en empresas usuarias.
- Estas axudas serán incompatibles con outras, que por eses conceptos, poidan outorgar outras entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, como medida de fomento do emprego. Aínda que serán compatibles, se é o caso, cos incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social.



*BASE 4ª. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, CRITERIOS OBXECTIVOS DE
ADXUDICACIÓN E ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN**4.1. Instrución e tramitación das axudas*

O procedemento para a concesión destas subvencións iniciárase de oficio tras a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local e a publicación das presentes bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

Dado o interese público, económico e social, derivado das particulares circunstancias económicas e sociais do colectivo de persoas traballadoras desempregadas, destinatarias finais destas axudas e ao abeiro do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e atendendo ao seu carácter singular, estas subvencións, en calquera dos seus programas, outorgáranse no réxime de concorrencia competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as empresas ou entidades beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito presupostario suficiente.

O servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, será o encargado da revisión e tramitación das solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, propondrá a concesión ou denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.

Os trámites administrativos do presente procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo para os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e para todos aqueles que voluntariamente opten por esta vía.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será publicado no Taboleiro de Edictos, no portal de transparencia do Concello de Vigo, na páxina web do concello www.vigo.org e poderase notificar de xeito individual polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o/a interesado/a resulte obrigado a recibilas por esta vía. As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

En previsión do artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei de Subvencións de Galicia, o expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.

4.2. Comisión de Valoración e Seguimento

A Comisión de Valoración e Seguimento estará composta polos seguintes membros:

- O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos ou persoa en quen delegue que actuará como Presidente.
- O xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, que actuará como secretario.
- Un/Unha técnico/a do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

A comisión contará co voto de calidade do concelleiro, que será resolutivo.

O concelleiro delegado da área resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida comisión.

O persoal técnico do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

Para as accións de control, seguimento e inspección a comisión poderá requirirlle á beneficiaria ou entidade beneficiaria a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións polas que se lle concedeu a subvención.

4.3. Criterios obxectivos de adxudicación

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas será en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será unicamente temporal, outorgándose as subvencións segundo a orde de entrada, sempre que as entidades beneficiarias reúnan os requisitos determinados nestas Bases reguladoras e convocatoria e exista crédito presupostario para iso.



Venres, 4 de maio de 2018

Núm. 86

*BASE 5ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO. RENUNCIA.
RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN*

a) Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a insuficiente xustificación, así como a obtención concorrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención.

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 36-37 da LXS e 32-33 da LSG. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

No caso da percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de mora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda ou o reintegro total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará ao/á beneficiario/a co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de reintegro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

b) Renuncia

O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC.

c) Infraccións e sancións

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu



Regulamento nos seus preceptos básicos, ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

BASE 6ª. PUBLICIDADE

6.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas

As presentes Bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei Xeral de Subvencións, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se publicarán, unha vez aprobadas, en:

- As Bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

Estas bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos (Casa do Concello-4ª planta), na páxina web www.vigo.org, e na oficina de Información do Concello de Vigo.

6.2. Publicidade das subvencións concedidas

Todas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, no Taboleiro de Edictos e no portal de transparencia do Concello de Vigo e poderase notificar, de xeito individual, no correo electrónico indicado na solicitude.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

Os traballadores por cuxa contratación se conceda a subvención serán informados de xeito expreso, preciso e inequívoco a partir da recepción dos seus datos persoais, do tratamento dos mesmos pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos, responsable do tratamento; da finalidade da súa obtención; do empresario que facilitou estes datos; do seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao seu honor, intimidade persoal e imaxe e da posibilidade de exercitar o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento da información nos termos previstos na LO 15/1999,



de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os mesmos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderán exercer os empresarios solicitantes das axudas.

6.3. *Publicidade do financiamento público*

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un cartel, de forma visible, informativo da súa participación na convocatoria de "AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA" do Concello de Vigo. O modelo normalizado do cartel será subministrado polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local. E deberá manterse exposto, cando menos, ata o 31 de marzo do 2019.

BASE 7ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das entidades solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo.

BASE 8ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión destas axudas rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

BASE 9ª. DISPOSICIÓN ADICIONAL

As axudas que se concedan ao abeiro destas bases e convocatoria faranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470 00 00 denominada Plan de emprego xuvenil do vixente orzamento do ano 2018, por un importe total de 100.000,00€ (cen mil euros) que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:



Venres, 4 de maio de 2018

Núm. 86

A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos) cunha contía de 50.000,00€ (cincuenta mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 2410 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.

B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións) cunha contía de 50.000,00€ (cincuenta mil euros) que se farán efectivos con cargo a partida orzamentaria 2410 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas doutro programa, a proposta da comisión de valoración e seguimento.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, denegaranse as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

BASE 10ª. DISPOSICIÓN FINAL

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

O concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos (Decreto de Alcaldía e Acordo da XGL de 19/06/2015).- Santos Héctor Rodríguez Díaz

